



alondras c.f.

NORMAS DE CONVIVENCIA SOCIAL E DEPORTIVA DO ALONDRAS C. F. FÚTBOL BASE TEMPADA: 2016-2017

O presente documento, mais ca un conxunto de normas disciplinarias de obrigado cumprimento, pretende ser o instrumento básico do noso clube para comunicar a comunidade deportiva a nova estrutura organizativa, e regular os procedementos da xestión tanto deportiva como social, dos nosos equipos. As situacións propias que toda convivencia social provoca, obrigan a contar cun documento que permita un óptimo desenvolvemento dos procesos de resolución de problemas e conflitos, baseados en criterios obxectivos compartidos, e recoñecidos e libremente aceptados por todos os que conformamos o clube do Alondras CF. A meta final será a de aunar esforzos, compromisos e responsabilidades, nunha mesma dirección, contribuíndo así a facilitar a sempre difícil tarefa da educación das xoves xeracións, que en definitiva é do que se trata cando se traballa con rapaces.

ART. 1: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA ÁREA DEPORTIVA DO ALONDRAS

DIRECCION DEPORTIVA DO CLUBE.....COORDINADORES.....ADESTRADORES E DELEGADOS

ART. 2: CADRO DE COMUNICACIÓN E RELACIÓNS NOS EQUIPOS

- 1.- AS FAMILIAS E MAIS OS XOGADORES COMUNICARANSE CO ADESTRADOR**
- 2.- O ADESTRADOR TERÁ COMUNICACIÓN DIRECTA COS COORDINADORES**
- 3.- OS COORDINADORES COMUNICARÁN ANTE A DIRECTIVA AS INCIDENCIAS**

A comunicación, sempre **aberta e bidireccional**, seguirá o camiño que se pode apreciar no esquema anterior. É dicir, todas aquelas demandas, cuestións, suxerencias, iniciativas, queixas, tensións, dúbidas, problemas, ... que poidan xurdir nos xogadores e familias, serán comunicadas ao **adestrador do equipo, e/ou delegado**, o cal porá en situación ao **coordinador**.

Quedarán así garantidos os **dereitos das familias e xogadores, de información e resolución obxectiva dos problemas**. Do mesmo xeito, as familias e xogadores están na **obriga** de formular as súas peticións, ou demandas, **de xeito sosegado e responsable, según as normas de educación e respecto básicas. E con vontade de diálogo e negociación**.

De ningún modo poderá saltarse o paso polo adestrador, en tanto que principal responsable do equipo.

ART. 3: DEREITO Á INFORMACIÓN, PARA FAMILIAS E XOGADORES

Os xogadores e as súas familias terán pleno dereito a ser informados da **evolución e/ou progresos deportivos** dos seus fillos por os coordinadores da base.

Ademáis implantaremos un novo procedemento de **control de asistencia, e de incidencias de orde actitudinal/comportamental/ conductual**, co obxectivo de correxir estas típicas situacións antes de que se enquisten e sexan de difícil solución.

É dicir, cando vostedes ou os xogadores non acudan a nos porque non o ven necesario, nos **permaneceremos vixiantes cotidianamente**, para poder **anticiparnos** as situacións potencialmente conflictivas, e atallas rápido e eficientemente. Vostedes teñen garantido o dereito a estar permanentemente informados por os coordinadores da base de todo canto procedemento se inicie, no que se vexan involucrados os seus fillos.

ART. 4: CRITERIOS DEPORTIVOS XERAIS, PARA O FÚTBOL-8, E O FÚTBOL-11

Dadas as características específicas da maduración física e intelectual (que aconsellan un periodo amplo de tempo para que, os rapaces que levan esa evolución con ritmos moi diferentes, a edades tempranas, podan estar en igualdade de condicións), non haberá **"filtro" de xogadores nos equipos de F-8 (exceptuando o Alevín A)**. É dicir, **queda garantido o dereito dos xogadores** que xa están no noso clube, **de progresar polas diferentes categorías e dicir ata categoría Alevín de segundo ano e superiores, si así o desexan**. Asimesmo, os xogadores teñen **dereito a xogar todos, aínda que non todos xogan os mesmos minutos**. En todo caso queda cuberto o **dereito a xogar, razoablemente, e de ter as oportunidades suficientes para amosar os seus progresos**.

No Alevín de segundo ano **comezará o "filtro" de xogadores, si éste é preciso**.

O reparto de minutos quedará en mans dos **adestradores** que actuarán en todo momento baixo os **principios de igualdade de oportunidades, e de sensatez e responsabilidade**. Mantendo en todo momento informados a os xogadores das situacións particulares de cadaquén.

Poderíamos dicir que a partir de Alevín: **"as convocatorias para ir aos partidos se gañan nos adestramentos, e as titularidades e o número de minutos que cada un xoga, se confirman nos partidos"**.



alondras c.f.

Todo o anterior, alcanzará o grado máximo de "AUTONOMÍA DE DECISIONS TÉCNICAS DOS ADESTRADORES", na CATEGORÍA DE XUVENÍS, e especialmente na CATEGORÍA DE "DIVISIÓN DE HONRA", como non podería ser doutro xeito, nesta etapa formativa de "preparación para ó fútbol senior".

Do mesmo xeito que estaremos vixiantes dende o clube para que o reparto de tempos de xogo e de oportunidades, sexa efectivo e fiel a estos criterios, tamén vixiaremos que non se den situacións de **exceso de protagonismo**. É dicir, a humildade, a honradez, o compañeirismo, o respecto aos demais e as normas, o esforzo e afán de superación persoal,...,os **valores humanos fundamentais e o espírito deportivo**, conforman a **ética de conducta** que pretendemos promover.

ART. 5: CRITERIO XENÉRICO PARA A CONFIGURACIÓN DE PLANTILLAS: GRUPOS DE EDADES NATURAIS

ART. 6: CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE XOGADORES

Todos sabemos que hai **xogadores que van un pasiño por diante dos demais**, e que en función da política deportiva do clube, podería interesar facelos **promocionar ao equipo ou categoría seguintes, de xeito puntual**.

En estas situacións, os **adestradores implicados, teñen a palabra, oídos sempre a familia e o propio xogador**.

Si non se produce acordo, será a Dirección Deportiva a responsable de tomar e comunicar as decisións pertinentes. En todo caso, o **criterio de promoción** é triple, entendido globalmente, como un **"perfil de xogador"**:

A. calidade futbolística

B. calidade humana (actitude, conducta, comportamento, valores...)

C. traballo e esforzo persoais

Do mesmo xeito, e polas mesmas razóns e criterios, pode optarse por **facer permanecer aos xogadores un ano mais no equipo**, mentras os compañeiros do grupo de idade pasan ao seguinte.

ART. 7: IMAXE INSTITUCIONAL DO CLUBE

O marketing institucional, de "marca de clube", tamén é importante, por eso se establece un **"vestiario"** para os diferentes equipos: **CHANDAL, POLO, CAZADORA, E MOCHILA**.

Esta equipación conforma o **"pack de viaxe"**. Obrigatorio nos desprazamentos.

Serán os **adestradores** os que coiden de que esta norma se cumpra. Asimesmo a saída o terreo de xogo co uniforme do Clube será sempre coa camiseta por dentro do pantalón. Tamén hai outras prendas de equipación.

ART. 8: NORMATIVA DE USO DAS INSTALACIÓNS

7.1. VESTIARIOS:

A. Só se permite o paso de familiares dos xogadores na categoría das **escolas**. E máximo, **un** familiar por xogador.

B. Seguiremos insistindo coa **"ducha deportiva" de 15'**, esperando para facelo todo o equipo xunto.

C. Nos equipos os responsables oficiais de **vixiar o comportamento dos xogadores no momento da ducha** serán os **adestradores/delegado** do mesmo, ou persona en quen deixen esa reponsabilidade. Esta función de control nas duchas deixarase de facer cando o grupo amose a madurez suficiente para facelo sós.

E. Está terminantemente **prohibido comer nos vestiarios**.

F. Prégase utilizar as **papeleiras** en caso de necesidade, e estamos na **obriga** de facer un **uso serio e responsable das instalacións, facilitando a súa limpeza e mantemento**.

G. Se respetarán sempre os **carteis de normas** que se coloquen nas instalacións.

7.2. CAMPO DE XOGO:

A. Está terminantemente **prohibido comer no campo de fútbol**. Especial vixiancia cos **chicles**, que obrigan a recortar a herba sintética.

B. Os equipos deben **respetar os horarios de adestramento**. Non entorpecer, mentras agardan a iniciar o seu, a outros. Os xogadores esperarán nas **gradas** ata a chegada do adestrador, e a súa orde de inicio. Asimesmo, os adestramentos rematarán nos horarios previstos, para non restar o dereito de outros equipos de comezar a súa hora.

C. En ningún caso, os xogadores entrarán sós ao **almacén do material**. Todo o material que sae do almacén, ao rematar a sesión, devolvase ordeadamente ao seu lugar.

D. Cando algún **balón saia fora do recinto do campo**, sairá enseguida quén o lanzou a por él; e si é difícil o acceso, se lle comunicará o **encargado do mantemento**, o antes posible.

E. Nos descansos dos partidos do Alondras CF, está terminantemente prohibido cós rapaces salten ao terreo de xogo.

E. Está prohibido o **uso nas instalación do teléfono mobil**, dende os accesos os vestiarios ata a saída dos mesmos.



alondras c.f.

DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA 2016-17

As familias e os xogadores estades a firmar un DOCUMENTO VINCULANTE co voso clube. Donde se aceptan as anteriores normas de convivencia, propostas dende a Dirección Deportiva para esta tempada.

Por iso, efectuando a nosa labor como parte deportiva, social e educativa no xogador e si estades dacordo co anteriormente exposto, asinade, este documento que vai a regular as relacións sociais e deportivas durante toda a tempada 2016-2017.

D. / D^a. (PAI / NAI / TITOR) :.....

RISCAR

LEÍN, E ACEPTO, TODAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CLUBE.

FECHA:

SINATURA:

OBSERVACIONES:
.....
.....

O XOGADOR:

EQUIPO:

RISCAR

LEÍN, E ACEPTO, TODAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CLUBE.

FECHA:

SINATURA:

OBSERVACIONES:
.....
.....

Pregámoslles que a maior brevedade posible entreguen este documento ao adestrador/delegado do equipo. Agradecendo de antemán a atención e interese prestados, aproveitamos a ocasión para enviarlles un cordial saúdo.

En Cangas do Morrazo, a de do 2016

A DIRECCIÓN DEPORTIVA DO ALONDRAS CF.

